

# Superturonio

EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA  
IES TERRA DE TURONIO

## A Xunta organiza unha campaña de normalización lingüística.

A campaña está dirixida aos centros educativos e ten o lema “Entre nós, en galego”.

A dirección xeral de Política Lingüística, de acordo coa Lei de Normalización lingüística que obriga a fomentar o uso da lingua galega, lanzou o pasado mes de decembro a campaña “ENTRE NOS, EN GALEGO”, con tres obxectivos: contribuir a prestixiar a lingua galega, que a sociedade valore a lingua propia como unha riqueza e que faga uso dela.

Esta campaña consta fundamentalmente de catro apartados:

- A imaxe das palabras. Se sodes observadores e mirades os cartaces que decoran as paredes do instituto, veredes que os carteis vellos que había o curso pasado mudaron pasando a ocupar o seu lugar unha serie de pósters con ilustracións e textos de diversos escritores galegos alusivos á nosa lingua.
- O cine nas aulas. Vanse editar en vídeo e distribuir polos centros, películas e documentais feitos en galego para utilizar en diferentes disciplinas como materiais didácticos.
- O autobús da lingua. É unha campaña

publicitaria na que un bus distribuirá carteis, dípticos, folletos sobre distintos aspectos da lingua: lexislación, normalización, toponimia, antroponimia, ensino, recursos didácticos, etc.

- Concursos. Haberá tres concursos. Un vai dirixido ao centro, onde se premiarán as experiencias normalizadoras; e outros dous dirixidos ao alumnado: un de relato curto e outro de poesía. **As bases destes últimos, nos que vos animamos a participar, figuran na derradeira páxina deste boletín.**

### Concursos

**Data límite 14 de Febreiro**

**DIRIXIDOS A ALUMNOS DE SECUNDARIA**  
a Xunta convoca dous concursos literarios

Podes participar nos dous  
¡ Hai moitos premios ! Animádevos

## SABÍAS QUE ....

- Estamos á espera de ter noticias dunha escola de Moçambique e de outra do Brasil para iniciar un intercambio entre o alumnado. Non comencan o curso até o mes de febreiro.
- Este ano foi declarado pola Xunta de Galicia como o ano de **D.Eladio Rodríguez González**, a quen se lle vai adicar o Día das Letras Galegas de 2001. (Xa iredes coñecendo que foi a través deste boletín).
- Nunha recente entrevista ao escritor Manuel Rivas, publicada, **en castelán**, en **La voz de Galicia**, o entrevistador escribiu:  
*“Los protagonistas de **A man dos paños**, explica- son dos colectivos: los emigrantes y los naufragos. 'En principio, - **señala Rivas, que se expresó todo el tiempo en gallego** - puede parecer extraña esa relación pero una historia me llevó a otra'.*
- No **Faro do Vigo** do venres 19 de xaneiro, aparecía o seguinte titular: **“Castelao no considera potable el agua de Bueu”** (facía referencia a unha Asociación de Veciños de Bueu que se chama Castelao).

### Concurso de Relato

Crede un relato orixinal, en galego, que pode conter ilustracións. O tema é libre e pódese presentar a ordenador ou a man. Calquera feito cotián ou historia soñada por ti pode ser un bo punto de partida para escribir un relato. Dispós de moitas técnicas narrativas para contar a túa historia. Ten en conta os diversos elementos que interveñen na narración: espacio, tempo, personaxes, punto de vista,...

### Concurso de poesía

Crede un poema, en galego, cunha extensión mínima de 24 versos e que trate sobre algún aspecto da lingua galega: coñecemento, usos, actitudes, prexuízos, promoción, factores culturais, afectivos...¿Cómo ves, como síntes, que che inspira a túa lingua? (pode conter ilustracións)

# Facer radio no instituto ?

Desde o ENL imos poñer en marcha un estudio de radio para que poidades realizar todo tipo de gravacións e prácticas de programas de radio. Para iso, cos poucos medios dos que dispón o centro, tentaremos montar un pequeno estudio para que poidades traballar; tamén se vai instalar unha megafonía no patio para que durante os recreos poidades escoitar a programación que se realice cada día.

Pero como para facer radio, o primeiro que hai que ter son ideas para elaborar unha programación que sexa atractiva para todos e todas, tamén imos instalar un caixa de correos onde se recollerán as suxestións que fagades para realizar a programación. Seguro que tedes unha morea de ideas que vos gustaría poñer en práctica para realizar ese programa de radio que algunha vez esperastes escoitar e aínda a ningún se lle ocorreu. Non o penses máis e vai anotando as primeiras ideas...

Tamén imos precisar da vosa axuda para irnos facendo cun pequeno arquivo musical do que botar man. Para iso contaremos coa vosa música. Outra dos obxectivos do estudio de gravación vai ser recoller a rica tradición oral das vosas parroquias. Seguro que cerca de vós atoparedes persoas que sexan quen de contarvos unha historia interesante ou mesmo cantarvos unha cantiga que aínda recorda e que xa case non se escoita. Para iso imos precisar colaboradores dispostos a aportar traballos que poidan servir para calquer programa.

Por suposto que a programación diaria vai estar moi atenta a todo o que aconteza no instituto e nos arredores e que sexa de interese para todos.

Nestes primeiros días, imos por en marcha pequenos grupos de traballo para ir realizando unha pequena grella de programación. Todos



podedes colaborar e tamén participar.

**MOI IMPORTANTE:** Por suposto que a lingua a empregar nas emisións será o galego, e aínda que se poida empregar calquera tipo de música, si tentaremos difundir aquela que teña que ver máis coa nosa realidade.

Como dixo Castelao: “ *Non lle poñades chatas a obra namentres non esté rematada. Se queredes colaborar hai sitio para todos* “.

## Os vossos traballos

*Neste retrinco do boletín imos ir publicando aqueles traballos que realizastes para algunha materia e que foron creados por vós. Imos empezar cuns traballos que sobre as cantigas galego-portuguesas medievais realizaron algúns alumnos de 4º.*

### FALADE ONDAS

Estando no porto de Vigo  
chegan os barcos sen meu amigo  
**iVinde ondas, vinde  
novas del me contar!**  
Estando mirando o mar  
as ondas non me viñan falar  
**iVinde ondas, vinde  
novas del me contar!**  
Chegan os barcos sen o meu amigo  
outros amores nese navío, digo  
**iVinde ondas, vinde  
novas del me contar!**  
Deles as ondas non veñen falar,  
sigo mirando o inmenso mar.  
**iVinde ondas, vinde  
novas del me contar!**

*Teresa Alonso 4º B*

Ti rio que todo o sabes,  
Cóntame onde está o meu amigo.  
¿Onde estará?

Ti montaña que tan alta es,  
Cóntame onde o ves.  
¿Onde estará?

Cóntame onde estará o meu amigo,  
aquele que prometeu que volvería comigo.  
¿Onde estará?

O voso amigo neste mundo non está,  
e con vosco, xamais voltará.  
¿Onde estará?

*Angel Otero Freiría 4º A*